

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA D<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL  
Expt: 2022 SE020-002

Vistas as propostas de modificación da vixente Ordenanza Municipal de Estacionamiento en Horario Limitado, emitidas polo Concelleiro Delegado en materia de Tráfico, o xefe da Policía Local e a Secretaria Municipal o 28 de febreiro de 2022, unidas ao expediente.

En exercicio das atribucións contidas no artigo 21.1 a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Abrir expediente para a modificación da Ordenanza reguladora de estacionamento en horario limitado deste Concello.

**SEGUNDO.-** Sustanciar o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para iniciar a modificación da Ordenanza reguladora do estacionamento en horario limitado, a través da sede electrónica do Concello de Marín durante o prazo de 20 días hábiles para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan expresar as súas opinións a través do Rexistro deste Concello acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Que pola Secretaria Municipal se emita informe sobre o resultado do trámite de información pública unha vez finalizado este, así como sobre o procedemento a seguir para a modificación da vixente Ordenanza.

En Marín, na data do asinamento dixital

A Alcaldesa

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E6000AE5B700S8K5N7R9R2Y0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AE5B700S8K5N7R9R2Y0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2022SE020-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 28/02/2022 BLANCA ANA ROIG SANCHEZ-Secretaria Xeral - 28/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2022 15:01:45	Fecha: 28/02/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



## ANEXO I.- CONSULTA PÚBLICA

<p><b>Antecedentes, marco legal e competencia na materia obxecto de regulación a través da Ordenanza:</b></p>	<p>O artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) reconece como competencia municipal a «ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas».</p> <p>Segundo o RDL 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria é competencia dos municipios a «regulación mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social».</p> <p>Neste sentido, o artigo 39.4 do TRLTSV, sinala que «o réxime de parada e estacionamento en vías urbanas regularase por ordenanza municipal, podendo adoptarse as medidas necesarias para evitar o entorpecimento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración do estacionamento, así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada do vehículo ou o seu inmovilización cando non dispoña de título que autorice o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou exceda do tempo autorizado ata que se logre a identificación do condutor».</p> <p>O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2020, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do estacionamento en horario limitado de Marín (BOP de Pontevedra núm. 247, do 23 de decembro de 2020).</p>
<p><b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:</b></p>	<p>Uso desigual dos espazos de aparcamento, inaccesibilidade peonil das rúas e conxestión e atascos do tráfico rodado.</p> <p>Inaccesibilidade dos locais comerciais debido ao excesivo inmovilismo do estacionamento nas rúas.</p>
<p><b>Necesidade e oportunidade da súa aprobación:</b></p>	<p>A implantación dun sistema de estacionamento regulado con limitación horaria para a permanencia nun mesmo espazo de aparcamento é, entre outros, un instrumento adecuado para lograr os obxectivos municipais.</p>
<p><b>Obxectivos:</b></p>	<p>Conseguir un uso equitativo dos espazos de aparcamento, promover o uso peonil das rúas e favorecer a fluidez do tráfico rodado.</p> <p>Promover o comercio local favorecendo a mobilidade e o estacionamento rotatorio nas rúas, ampliando a zona de estacionamento de horario limitado xa existente no termo municipal.</p> <p>Mellorar a calidade de vida e ambiental na nosa vila mediante a regulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os</p>

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AE5B700S8K5N7R9R2Y0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 28/02/2022          BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 28/02/2022          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2022 15:01:45</p>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE020-002          Fecha: 28/02/2022          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



	<p>usuarios, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, que permita optimizar, de maneira equitativa, o uso dun ben escaso, como é o espazo de aparcamento.</p> <p>Simplificar e outorgar maior seguridade xurídica ao réxime sancionador da vixente ordenanza municipal de estacionamento en horario limitado, tipificando todo incumprimento da ordenanza como infracción leve.</p>
<b>Posibles solucións e alternativas, regulatorias e non regulatorias:</b>	<p>A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as os obxectivos citados resulta máis conveniente. Ademáis, esta necesidade tamén resulta máis aconsellable para acadar unha maior seguridade xurídica, sen prexuízo de que esta norma que se propón poida complementarse con outras solucións regulatorias e non regulatorias como obras que favorezan a mobilidade amable na nosa vila como aparcamentos disuasorios, aparcamentos públicos, humanizacións, campañas de educación viaria e sensibilización.</p>

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AE5B700S8K5N7R9R2Y0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE020-002</p>
	<p>MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 28/02/2022          BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaria Xeral - 28/02/2022          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2022 15:01:45</p>	<p>Fecha: 28/02/2022          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>

